

PROCESO SELECCIÓN VIAXE Á NEVE.

De cara a obter a listaxe de participantes para a viaxe a neve do curso académico 2024-2025, organizado polo Departamento de Educación Física, procedemos a convocar 49 prazas:

- Andorra (19 – 25 de xaneiro de 2025)

***Alumnado que pode participar**

O alumnado de 1º de bacharelato matriculado no IES NS Ollos Grandes no curso académico 24/25.

***Comité de selección.**

Para seleccionar ao alumnado participante haberá un comité de selección formado polo profesorado do Departamento de Educación Física organizador da viaxe e o vicedirector do centro. No caso de que algún candidato/a sexa familiar dalgún membro do comité de selección, este último non participará na selección.

***Criterios de selección.**

Para poder baremar ao alumnado en igualdade de condicións, os criterios de selección estarán artellados da seguinte forma:

1. O alumnado que non entregue en tempo e forma a autorización e o xustificante de pago, quedará excluído do proceso de selección no caso de que se supere o límite de prazas.
2. O alumnado que curse ensinanzas de danza no Conservatorio de Danza ou teña a condición de deportista de alto nivel, alto rendemento, alto rendemento de base no curso 24/25 debidamente acreditado: 5 puntos.
3. Nota na materia de Educación Física en cuarto de ESO:
 - 5-6: 1 puntos
 - 6,1-7: 1,5 puntos
 - 7,1-8: 2 puntos
 - 8,1-9: 2,5 puntos
 - 9,1-10: 3 puntos
4. Nota media na materia de Educación Física na ESO:
 - 5-6: 1 puntos
 - 6,1-7: 1,5 puntos
 - 7,1-8: 2 puntos
 - 8,1-9: 2,5 puntos
 - 9,1-10: 3 puntos

5. Nota media da ESO:
 - 5-6: 1 puntos
 - 6,1-7: 1,5 puntos
 - 7,1-8: 2 puntos
 - 8,1-9: 2,5 puntos
 - 9,1-10: 3 puntos
6. Alumnado que non foi a viaxe a neve en 1º de bacharelato co IES en cursos anteriores: 2 puntos
7. Alumnado que non esté lesionado no momento de entrega de documentación e se atope en plenas condicións físicas para poder disfrutar da experiencia, realizando ata o momento da entrega da documentación a clase de Educación Física regularmente sen ningunha limitación: 2 puntos
8. Alumnado que non esté exento ou convalidado totalmente na materia de Educación Física: 2 puntos
9. Alumnado que non recibira amonestacións de convivencia ou dirección debido a condutas negativas que alteren a convivencia do centro no curso 24/25: 3 puntos.
10. Alumnado que teña un bó comportamento no centro e na aula en todas as materias ata o momento de entrega de autorización da viaxe: 3 puntos

A listaxe de seleccionados irá en función da puntuación acadada, sendo os que máis puntos obteñan os primeiros da listaxe.

***Como participar.**

Para participar no proceso de selección da viaxe a neve, deberán cumprimentar a autorización que se lles deu xunto coa información da viaxe mediante os/as delegados/as de aula o pasado venres día 18/10/2024, e entregala xunto co xustificante de pago de fianza de viaxe de 150€ como máximo o vindeiro día 24/10/2024 ás 12.00h no Departamento de Educación Física ao lado do ximnasio ao profesorado de Educación Física, debendo facer o pago da fianza ata ás 23.59h do día 23/10/2024 na conta reflexada na documentación que se lles deu.

***Prazo de alegacións.**

Unha vez publicada a resolución provisional desta fase na páxina web do centro, haberá tres días lectivos para presentar alegacións, en persoa ou a través do correo: noefiesollosgrandes@gmail.com. Unha vez resoltas, publicarase a resolución definitiva na páxina web do centro.